

Orde do 13 de abril de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar o funcionamento das confederacións, federacións, coordinadoras ou agrupacións de asociacións de veciños de Galicia.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece que desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia, tendo as asociacións que se constitúan con esta finalidade a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, erixíndose nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no marco da súa liña de colaboración coa Administración local para contribuír a mellorar a calidade da vida local, e pretendendo estimular, ao mesmo tempo, a dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais destas entidades, regula, por medio desta orde, os requisitos e o procedemento que se seguirá para a concesión de axudas económicas destinadas á realización de actividades que redunden na mellora da vida local.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e beneficiarios.*

1. Convócanse subvencións en réxime de concorrencia competitiva en favor das confederacións, federacións, coordinadoras ou agrupacións de asociacións de veciños de Galicia, en diante entidades, con destino á programación e desenvolvemento durante o ano 2010 de actividades propias e gastos correntes de funcionamento.

2. Estas entidades deberán, en todo caso, estar debidamente inscritas no Rexistro Central ou nos rexistros provinciais de asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e non serán consideradas as solicitudes das entidades non inscritas e coa totalidade dos seus datos actualizados na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 2º.-*Crédito.*

As subvencións que se regulan ao abeiro desta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.141A.481.1, ata unha contía máxima de cen mil euros (100.000 €), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2010.

A axuda económica que se conceda poderá acadar, como máximo, o 90% do total do orzamento presentado.

Artigo 3º.-*Iniciación.*

1. As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta orde solicitarán, por medio de instancia dirixida á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde, e presentaran na oficina de rexistro único e información, nos rexistros das delegacións territoriais da Xunta de Galicia ou en calquera outro dos que establece o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. A entidade peticionaria xuntaralle á solicitude a seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

b) Programación da actividade que se pretende realizar con mención das persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda e o calendario fixado.

c) Relación de actividades realizadas durante o ano 2009.

d) Orzamento detallado das actividades ou gastos para os que se solicita subvención.

e) Orzamento da entidade para o ano 2010. (Ingresos e gastos).

f) Nome das asociacións de veciños/federacións que forman parte da entidade, de ser o caso.

g) Certificación do órgano competente na que se aproba participar nesta convocatoria de subvencións e do nomeamento do representante para as súas relacións coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

h) Declaración do representante de non estar a entidade incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria (anexo III da orde).

i) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou

actividade, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo II desta orde).

Se algunha documentación das solicitadas neste artigo xa constase en poder da Dirección Xeral de Administración Local desta consellería, e non se producise desde o momento en que foi presentada variación que afectase o contido ou a vixencia desta, non será necesario achegalas novamente, sen prexuízo de que esta dirección xeral reclame do solicitante a documentación que, se é o caso, considere oportuna.

A inscrición da entidade no Rexistro de Asociacións será verificada de oficio por parte dos correspondentes servizos da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

3. O defecto na solicitude seralles notificado as persoas interesadas pola Dirección Xeral de Administración Local e daráselles un prazo de dez días para emendar os erros ou omisións. Transcorrido este prazo, se non se producise esta emenda, as peticións serán arquivadas conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-*Instrución e resolución.*

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas por unha comisión de valoración presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local e da que formarán parte os/as delegados/as territoriais da Xunta de Galicia. Actuará como secretario/a a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais ou un funcionario/a da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefe/a de servizo.

Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen resolverá.

Artigo 5º.-*Criterios de valoración.*

Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos, e de acordo coas porcentaxes:

1. Interese do proxecto da actividade que se propón (40%), tendo en conta:

a) Número de beneficiarios de cada actividade.

b) Tipoloxía da actividade: cultural, educativa e social.

2. Número de asociacións de veciños confederadas, federadas ou agrupadas que integran a entidade solicitante, así como o seu ámbito de actuación e o número total de asociados (30%).

3. Número e características das actividades desenvolvidas polo peticionario durante o ano 2009 (30%).

Cada un dos criterios anteriores será obxecto de avaliación, outorgarase a maior puntuación a aquelas solicitudes que presenten un maior número de aspectos para valorar, e o resto, de xeito proporcional.

A puntuación máxima será de 100 puntos, e establécese unha contía máxima de subvención de 10.000 €.

Artigo 6º.-*Notificación.*

1. A resolución notificaráselles a todas as persoas beneficiarias da subvención, na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Conforme o disposto no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de non notificarse resolución no prazo de catro meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 42 e 43 da citada lei.

2. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Aceptación.*

1. O/A representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

2. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase aceptada.

Artigo 8º.-*Libramento de fondos.*

1. As entidades destinatarias da subvención, unha vez aceptada esta, quedarán obrigadas a destinar os

fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Dirección Xeral de Administración Local poderá comprobar, cando o considere conveniente, o cumprimento da finalidade da axuda.

2. Para o cobramento da subvención para a realización de actividades que xeren gastos correntes, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou copias compulsadas delas. No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante, tanto as nóminas acreditativas do pagamento, como os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

b) Certificación dos gastos realizados expedida polo/a secretario/a da entidade co visto e prace do/a seu/súa presidente/a.

c) Xustificante do pagamento.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para unha mesma programación das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo II desta orde).

3. O prazo de remisión destes xustificantes remata o día 15 de outubro de 2010. A Dirección Xeral de Administración Local, de atopar conforme a documentación xustificativa, proporá o libramento de fondos; que en ningún caso superará o 90% do importe dos xustificantes presentados.

4. A entidade beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado as correspondentes xustificacións entenderase que a entidade renuncia á subvención, podendo esta consellería utilizar o devandito crédito en beneficio doutros posibles beneficiarios.

Artigo 9º.-Cantidades dispoñibles.

As cantidades que resultasen sobrantes por causa de renuncia ou non presentación das xustificacións correspondentes por parte das entidades beneficiarias poderán dedicarse a subvencionar outras entidades que presentaron, en prazo, solicitude de subvención ao abeiro desta orde.

Artigo 10º.-Modificación das resolucións de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á

modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4º da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-Concorrenza de axudas e subvencións públicas.

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 12º.-Incumprimento de obrigas.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33º da devandita lei, a entidade comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 38º da mesma norma legal.

Artigo 13º.-Publicidade das subvencións concedidas.

As persoas beneficiarias e os importes das axudas concedidas serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web oficial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; do mesmo xeito integraranse, no Rexistro Público de Subvencións, que será de acceso público.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
 XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O FUNCIONAMENTO DAS CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS, COORDINADORAS OU AGRUPACIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR480J	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DON/DONA			
PRESIDENTE/REPRESENTANTE DA ENTIDADE VECINAL			
ENDEREZO		ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	Nº IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE	PROVINCIA	CONCELLO

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

SOLICITUDE

DATA DA ASEMBLEA NA CAL SE ADOPTOU O ACORDO DE SOLICITUDE	CANTIDADE SOLICITADA (90% DO TOTAL)	ORZAMENTO TOTAL DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE SE VAN REALIZAR
BREVE DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES QUE SE VAN REALIZAR		

1. DECLARO: que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.
2. ACEPTO: o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e de facilitar a información e a documentación que se solicita.
3. XUNTO: a documentación exixida na convocatoria.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 13 de abril de 2010 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar o funcionamento das confederacións, federacións, coordinadoras ou agrupacións de asociacións de veciños de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE _____ de _____ de _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 San Caetano, s/n - 15781 Santiago

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona representante da entidade veciñal , solicitante da axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a realización de actividades por parte da entidade, e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.

Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda:	Data de resolución:	Importe concedido:
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Axudas solicitadas:

Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.

Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda:	Data de resolución:
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo:

Asdo.:

ANEXO III

Don/Dona presidente/representante da entidade local , solicitante da axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en relación coa Orde do _____ de 2010, pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo veciñal,

DECLARO:

1. Que a entidade non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública.
2. Que acepto as bases da convocatoria.

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo:

Asdo.: